

MEMORIA ECONÓMICA 2003



**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA**

INTRODUCCIÓN

A *Memoria Económica* da Universidade de Santiago de Compostela (USC) recolle a información relativa á actividade económica e de xestión desenvolvida durante o exercicio 2003, e concrétese: no estado de liquidación do orzamento; o balance de situación; a conta de resultado económico-patrimonial a 31 de decembro de 2003; información acerca da evolución das magnitudes e as actuacións económicas máis relevantes; o informe de xestión, e o informe sobre a contratación administrativa. Ademais, na memoria deste exercicio inclúese tamén un avance de datos sobre actividade que pretenden ser útiles para transmitir unha imaxe do conxunto da actividade desenvolvida pola USC, vinculando así os elementos financeiros cos servizos que presta en relación ás funcións que ten asignadas.

A finalidade da información recollida na *Memoria* é, ademais de servir de base aos órganos de control interno e externo da súa operativa económico-financieira, dar cumprimento ao mandato que a propia USC se ten imposto de afondar na súa responsabilidade social implementando un sistema de rendemento de contas á sociedade e á comunidade universitaria, que garante a transparencia na xestión da súa actividade.

Esta *Memoria Económica* relativa ao exercicio 2003 constitúe polo tanto un elemento de transparencia informativa, entorno ao que debe xirar a liña de acción que a programación plurianual 2004-2006 denominou RESPONSABILIDADE SOCIAL E INFORMACIÓN DA ACTIVIDADE UNIVERSITARIA, e que ten como obxectivo o necesario e consciente rendemento de contas como parte das funcións derivadas da súa xestión e como instrumento para garantir o bo goberno. En resposta a este mandato, e á espera de materializar un modelo definitivo ao longo do exercicio de 2005, inclúese unha “Memoria de actividade”.

A preparación e presentación da ampla documentación financeira, contable e estatística que aparece nesta *Memoria* elaborouse con criterios analíticos de obxectividade, detalle, claridade informativa e homoxeneidade no tempo, a partir dos estados financeiros presentados de acordo coas normas establecidas no Plan General de Contabilidad Pública, de forma que trate de mostrar a imaxe fiel da situación financeira da USC respecto aos seus activos e pasivos, así como dos resultados das operacións realizadas e dos recursos obtidos e aplicados durante o exercicio.

A actividade económica-financieira da USC no ano 2003 veu marcada polos seguintes factores:

En primeiro lugar, a situación económica que vén atravesando a USC nos últimos anos, derivada fundamentalmente da incapacidade do Acordo de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2000-2003, prorrogado no seu contido fundamental tamén para o ano 2004, de dar resposta ás súas necesidades reais. Este acordo asignaba recursos ás universidades en función do número de créditos matriculados –número de alumnos basicamente-. A evolución do número de alumnos matriculados na USC fixo que a subvención básica, recibida ao abeiro do dito acordo de financiamento, se mantivese constante en termos reais nos últimos anos. Se a isto lle engadimos que os ingresos derivados da prestación dos servizos de carácter académico diminúen pola evolución do número de alumnos matriculados, atopámonos con que case a totalidade dos ingresos dos que dispón a USC para a realización das actividades encomendadas, presentaron nos últimos anos unha evolución absolutamente dispar da dos gastos que deben ser afrontados con eles. Esta realidade fíxose explícita no Orzamento do ano 2003 aprobado polos órganos de goberno da universidade, que incluían un recurso ao endebedamento de 9,5 millóns de euros, necesarios para afrontar as necesidades básicas de funcionamento durante o dito exercicio.

En segundo lugar, a presentación dun orzamento en desequilibrio con recurso ao endebedamento para o ano 2003, e as previsións para os exercicios seguintes, obrigou a USC a presentar e defender diante da Comunidade Autónoma, para a súa aprobación posterior polo Consejo de Política Fiscal y Financiera, dun Plan de Equilibrio Económico Financeiro, que permitise o endebedamento e, así, viabilizar os orzamentos dos exercicios de vixencia do Plan. Esta obriga foi aproveitada para facer corresponsable á Comunidade Autónoma do proceso de converxencia dos ingresos e gastos da USC, necesario para garantir o equilibrio orzamentario no ano 2006, así como para proceder ao saneamento

dos dereitos recoñecidos en exercicios anteriores que tiñan a consideración de incobrables así como dos gastos de exercicios anteriores non integrados no orzamento.

Finalmente, esta situación económica obrigou a facer axustes en todos aqueles gastos que, aínda sendo convenientes, son secundarios no proceso de priorización das actuacións que a Universidade ten que desenvolver en correspondencia coas súas funcións básicas de docencia e investigación e os retos, obxectivos e accións con elas relacionadas.

Todo o anterior reflíctese na liquidación do orzamento que rexistra nas súas principais magnitudes, comportamentos que abundan na realidade financeira que se deriva da situación antes referida.

O gasto orzamentario, en termos de obrigas contraídas, ascendeu a 184,98 millóns de euros, experimentando unha variación absoluta de 9,81 millóns de euros en relación ao exercicio anterior (175,17 millóns de euros) e unha variación relativa do 5,60%. O remanente de crédito, obtido como diferenza entre o orzamento definitivo e as obrigas contraídas, foi de 54,17 millóns de euros.

As previsións definitivas de ingresos, excluído o remanente de tesourería do ano anterior, acadaron os 204,63 millóns de euros, sendo os dereitos recoñecidos de 197,42 millóns de euros. O grao de execución do orzamento de ingresos foi do 96,47%; en cambio, a execución do orzamento de gastos foi do 90,40%.

O resultado orzamentario e o saldo orzamentario do exercicio foron positivos en 0,54 e 12,44 millóns de euros respectivamente, este último polo efecto da variación dos pasivos financeiros.

Do comportamento dos ingresos e gastos durante o exercicio 2003, conxuntamente co proceso de saneamento económico incluído no Plan de Equilibrio Económico Financiero –anulando dereitos recoñecidos de exercicios anteriores por importe de 11,94 millóns de euros-, derivase, ao remate, un remanente de tesourería de 29,01 millóns de euros, cantidade que está afectada para financiar gastos dos vindeiros exercicios.

O balance de situación da USC reflicte un patrimonio totalmente saneado e unha importante solidez patrimonial. A prudencia no ritmo de incremento da actividade e o mantemento dun estrito control de todas as modalidades de risco determinou que o activo total quedase situado en 496,68 millóns de euros, cifra que supón a incorporación de máis de 54,28 millóns de euros adicionais no exercicio 2003. Ao peche de exercicio, os recursos propios situábanse en 396,94 millóns de euros fronte aos 392,19 do ano anterior.

A diferenza entre as correntes de ingresos e gastos da Conta do Resultado Económico-Patrimonial da un resultado negativo (desaforro) de 60,17 millóns de euros, debido á regularización efectuada con motivo dos axustes indicados polos auditores.

A Memoria de xestión do orzamento de gastos elaborada a nivel de centros xestores, que se presenta na segunda parte da Memoria Económica, permite coñecer a distribución de créditos entre os diferentes centros orgánicos, entre as diferentes funcións e segundo a natureza económica do gasto, e constitúe un elemento fundamental complementario da análise das contas do exercicio que se inclúe na primeira parte. Os créditos xestionados descentralizadamente para o funcionamento dos centros docentes, departamentos, institutos de investigación e servizos universitarios, acadan un total de 126,27 millóns de euros, para un total de 2.675 centros de gasto.

Na segunda parte da memoria de xestión infórmase dos expedientes de contratación xestionados no exercicio, con independencia do procedemento e forma de adxudicación, co que se dá cumprimento ao mandato contido no artigo 166 dos Estatutos da USC de informar á Xunta de Goberno e ao Consello Social do resultado da contratación.

En resumo, esta é, en apretada síntese, a realidade última que ofrece a situación económico-financiera da nosa institución no ano 2003, a análise da cal se recolle polo miúdo no contido desta memoria. A evolución dos principais conceptos de ingresos, e a súa relación cos gastos aos que se debe facer fronte para o desenvolvemento das actividades que ten encomendadas a universidade, poñen de manifesto a necesidade de seguir afondando durante os anos seguintes no proceso de reestruturación do gasto que, conxuntamente coas dispoñibilidades financieras derivadas no novo Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2005-2010 e o Plan de Equilibrio Económico-Financiero da USC 2004-2006, garanta a materilización da recuperación económica da USC. Acadar dito obxectivo vai

ser o resultado da implicación de toda a comunidade universitara e, en especial do seu persoal docente e de administración e servicios, que vén conxugando nos últimos anos a prestación dun mellor servizo á sociedade co incremento da eficiencia e eficacia, máis necesarias aínda en momentos de dificultades económicas. É por isto polo que a USC desexa recoller nesta memoria de actividade económica o seu recoñecemento e gratitude a todo o seu persoal.

PRIMEIRA PARTE:
ANÁLISE DAS CONTAS DO EXERCÍCIO

1.1. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS

1.1.1. COMENTARIOS XERAIS Á LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS

O orzamento de ingresos de 2003 da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC), líquidase cuns dereitos recoñecidos por importe de 197,42 millóns de euros, o que representa un aumento en termos absolutos de 26,00 millóns con respecto aos do exercicio anterior (171,42 millóns), equivalente a **unha taxa de variación do 15,16%**. Este significativo incremento explícase por operacións puntuais realizadas no exercicio, en concreto a venda dos terreos de Galeras (15 millóns imputados a 2003) e a formalización dun préstamo por 9,5 millóns.

Resulta a fin de exercicio un **déficit dos dereitos recoñecidos con respecto ás previsións de 7,21 millóns de euros**, como pode observarse no cadro 1.

As previsións iniciais de ingresos incrementáronse por operacións de **financiamento acadado durante o exercicio** en 18,86 millóns de euros, o que significa en termos porcentuais o 10,31% respecto ás previsións iniciais. Para o cálculo das cifras anteriores descóntanse os aumentos de previsións derivados de incorporación de remanentes do ano 2002 (34,51 millóns) e da facturación interna (2,88 millóns).

Ao igual que en memorias de anos anteriores, estas cifras serán desagregadas polo miúdo ao longo deste apartado, pero antes indicaremos algunhas notas xerais que nos semellan de interese, referidas ás distintas fontes de financiamento dos ingresos da USC, clasificadas por capítulo orzamentario.

CADRO Nº 1. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS

CAPÍTULO	PREVISIÓN INICIAIS	PREVISIÓN DEFINITIVAS	DEREITOS RECOÑECIDOS	INGRESADO	PENDENTE DE INGRESO	DEREITOS
						RECOÑECIDOS MENOS PREVISIÓN DEFINITIVAS
III. Prezos públicos e outros ingresos	37.750.500,00	44.780.880,60	40.874.043,88	29.502.160,59	11.371.883,29	-3.906.836,72
IV. Transferencias correntes	106.936.510,00	112.172.684,51	104.500.700,09	102.047.543,07	2.453.157,02	-7.671.984,42
V. Ingresos patrimoniais	452.520,00	583.617,11	577.739,18	463.501,82	114.237,36	-5.877,93
VI. Alleamento de investimentos reais	6.310.630,00	9.310.630,00	15.000.000,00	9.000.000,00	6.000.000,00	5.689.370,00
VII. Transferencias de capital	20.250.890,00	26.588.428,16	23.781.155,36	16.095.043,06	7.686.112,30	-2.807.272,80
IX. Variación de pasivos financeiros	11.192.790,00	11.192.790,00	12.688.114,74	3.188.114,74	9.500.000,00	1.495.324,74
SUBTOTALS	182.893.840,00	204.629.030,38	197.421.753,25	160.296.363,28	37.125.389,97	-7.207.277,13
VIII. Variación activos financeiros (remanente de tesourería)	0,00	34.514.642,77			0,00	0,00
TOTAIS	182.893.840,00	239.143.673,15				

CAPÍTULO	DEREITOS	DEREITOS	DEREITOS	% CAPÍTULO SOBRE TOTAL DEREITOS 2003
	RECOÑECIDOS 2001	RECOÑECIDOS 2002	RECOÑECIDOS 2003	
III. Prezos públicos e outros ingresos	38.712.808,11	39.734.458,08	40.874.043,88	20,70
IV. Transferencias correntes	100.875.734,29	106.237.365,19	104.500.700,09	52,93
V. Ingresos patrimoniais	721.765,58	654.977,65	577.739,18	0,29
VI. Alleamento de investimentos reais	6.017.603,64	0,00	15.000.000,00	7,60
VII. Transferencias de capital	21.075.826,84	22.588.891,26	23.781.155,36	12,05
VIII. Variación de activos financeiros	1.186,40	0,00	0,00	0,00
IX. Variación de pasivos financeiros		2.209.621,00	12.688.114,74	6,43
TOTAIS	167.404.924,86	171.425.313,18	197.421.753,25	100,00

1.- PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS:

Os dereitos liquidados en concepto de prezos públicos por servizos académicos ("taxas") foron inferiores ás previsións orzamentarias en 2,24 millóns de euros (previsións 21,74 – dereitos recoñecidos 19,50), debido fundamentalmente ao comportamento da recadación dos prezos de matrícula afectada pola diminución do número de alumnos e por non liquidarse a matrícula dos beneficiarios de axudas ao seren traballadores da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

2.- TRANSFERENCIAS CORRENTES:

Os dereitos liquidados por transferencias correntes son inferiores ás previsións orzamentarias, xerando un déficit por este concepto de 7,67 millóns de euros. Este desfase débese fundamentalmente á diferenza entre o presupostado como subvención nominativa e para compensación de pagas extras e o realmente concedido pola Consellería.

3.- INGRESOS PATRIMONIAIS:

A liquidación foi case igual ás cifras presupostadas; existe un desfase non significativo de 5.877,93 euros.

4.- ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS:

Reflicte os dereitos derivados da venda dos predios do antigo hospital por importe da facturación realizada no exercicio, 15 millóns de euros. O importe da venda acadou un total de 22,33 millóns.

5.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL:

Prodúcese un desfase de 2,81 millóns de euros entre o orzamentado e os dereitos recoñecidos explicable fundamentalmente porque non se executou dentro do exercicio a anualidade prevista para 2003 do programa FEDER 2000-2006.

6.- VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCEIROS:

Neste capítulo contabilízanse os anticipos reembolsables obtidos nas convocatorias do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, 3,19 millóns de euros, e o préstamo previsto no presuposto por importe de 9,5 millóns de euros.

7.- VARIACIÓN DE ACTIVOS FINANCEIROS:

Neste capítulo inclúense os créditos non obrigados a 31/12/02 incorporados ao orzamento de 2003 e que correspondían a compromisos adquiridos ou ben a financiamento específico de actividades (investigación, congresos, cursos de posgrao, etc). Proveen, xa que logo, de dereitos liquidados en anos anteriores e non xeran ingresos no exercicio que comentamos.

- ◊ Unha vez presentadas as notas xerais por capítulo orzamentario, resulta importante mencionar que a cifra de dereitos recoñecidos pendentes de cobro a 31/12/03 é de 37,13 millóns de euros, que representa o 18,81 % de tódolos dereitos recoñecidos (14 % no ano anterior).
- ◊ No cadro 2 figuran as porcentaxes que cada fonte de financiamento representa sobre o conxunto dos ingresos da USC no período 1998-2003.

CADRO 2. % FINANCIAMENTO POR CAPÍTULOS (1998/2003)

CAPÍTULO	1998	1999	2000	2001	2002	2003
III. Prezos públicos e outros ingresos	22,47	22,17	25,53	23,13	23,18	20,70
IV. Transferencias correntes	59,68	55,96	60,51	60,26	61,97	52,93
V. Ingresos patrimoniais	0,51	0,39	0,41	0,43	0,38	0,29
VI. Alleamento de investimentos reais	0,72	0,00	0,00	3,59	0,00	7,60
VII. Transferencias de capital	16,62	16,62	13,55	12,59	13,18	12,05
IX. Variación de pasivos financeiros	0,00	4,86	0,00	0,00	1,29	6,43
TOTAL	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00

O importe das "transferencias correntes" representa no período analizado a maior fonte de recursos, do 52,93 a 61,97% destes. A continuación figuran os "prezos públicos e outros ingresos" (matrículas e prestación servizos investigación, etc.) e as transferencias de capital que inclúen o financiamento por proxectos, infraestruturas de investigación e obras, e, por último, unha pequena participación dos ingresos derivados da rendibilización do patrimonio. Aparece en 1999 o recurso ao endebedamento como fonte de financiamento, e en 2003 ten importancia conxunturalmente o alleamento de investimentos reais vencellados á operación Galeras.

No cadro 3 represéntanse, para o período 1998-2003, os ingresos liquidados por alumno en pesetas correntes e constantes, tendo en conta, para dar máis validez á análise, só os non vencellados a actividades específicas e eliminando as operacións financeiras e a facturación interna. Observamos que a cifra de dereitos se incrementa moi lixeiramente, tanto en euros correntes como constantes, consecuencia de que diminúe o denominador: número de alumnos.

CADRO 3: DEREITOS LIQUIDADOS E INCONDICIONADOS POR ALUMNO

Dereitos recoñecidos sobre cifras do orzamento inicial (exclúense as partidas de financiamento condicionado)

ANO	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Dereitos recoñecidos	111.215.306,58	113.594.172,59	116.154.904,86	123.266.380,58	118.078.838,42	122.824.601,93
Número de alumnos en centros propios (curso que finaliza no ano)	41.189	40.819	40.016	38.588	35.998	33.929
Dereitos recoñecidos por alumno (en euros correntes)	2.700,12	2.782,87	2.902,71	3.194,42	3.280,15	3.620,05
Índice de deflación	100	102,5	105,8	109,4	113,6	117,1
Dereitos recoñecidos por alumno (en euros constantes 1998)	2.700,12	2.715,00	2.743,58	2.919,95	2.887,46	3.091,42

1.1.2. COMENTARIOS PARTICULARES AOS INGRESOS DE CADA CAPÍTULO ORZAMENTARIO

CAPÍTULO III: Prezos públicos e outros ingresos.

No cadro 4 figuran recollidos, por artigo orzamentario, os dereitos recoñecidos nos tres últimos exercicios e as variacións de 2003 con respecto ao 2002 e ao 2001; indícase tamén cal foi a participación relativa dos dous compoñentes deste capítulo: “**Prezos públicos**” e “**Outros ingresos**”. Os primeiros representan o 58,84% do financiamento total e o 41,16% os segundos; nestes últimos inclúense fundamentalmente os ingresos por prestación de servizos por actividades de investigación.

CADRO 4: PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS. DEREITOS RECOÑECIDOS 2001-2003

Artigo presupostario	Dereitos recoñecidos 2001	Dereitos recoñecidos 2002	Dereitos recoñecidos 2003	% Variación S/01	% Variación S/02
31.Prezos públicos por servizos académicos	22.639.885,57	22.330.246,86	22.358.017,42	-1,25%	0,12%
32. Prestación de servizos	12.345.990,65	13.651.195,90	14.346.406,92	16,20%	5,09%
33.Venda de bens	359.765,85	381.296,50	285.461,16	-20,65%	-25,13%
38. Reintegros	213.539,60	284.383,89	397.616,95	86,20%	39,82%
39.Outros ingresos diversos	468.368,73	546.713,99	608.461,56	29,91%	11,29%
TOTAIS	36.027.550,40	37.193.837,14	37.995.964,01	5,46%	2,16%
34.Facturación interna	2.685.261,98	2.540.620,94	2.878.079,87		
, ,	38.712.812,38	39.734.458,08	40.874.043,88		
AGRUPACIÓN ARTIGOS VALORES ABSOLUTOS	2.001	2.002	2.003		
OUTROS INGRESOS	13.387.664,83	14.863.590,28	15.637.946,59		
PREZOS PÚBLICOS POR SERVICIOS ACADÉMICOS	22.639.885,57	22.330.246,86	22.358.017,42		
TOTAL CAPÍTULO	36.027.550,40	37.193.837,14	37.995.964,01		
AGRUPACIÓN ARTIGOS VALORES RELATIVOS	2001	2002	2003		
OUTROS INGRESOS	37,16%	39,96%	41,16%		
PREZOS PÚBLICOS POR SERVICIOS ACADÉMICOS	62,84%	60,04%	58,84%		
TOTAL CAPÍTULO	100,00%	100,00%	100,00%		

No detalle do cadro 4 aparecen desagregados por partidas singularizadas os diferentes tipos de ingresos. Nos comentarios seguintes deterémonos naqueles aspectos que consideramos máis significativos dentro dos principais artigos orzamentarios.

DETALLE DO CADRO 4

ARTIGO PRESUPOSTARIO	PREVISIÓNS		DEREITOS RECOÑECIDOS
	INICIAIS	DEFINITIVAS	
31. PREZOS PÚBLICOS			
POR SERVIZOS ACADÉMICOS			
<i>Estudos oficiais e titulacións propias</i>			19.501.844,83
Estudos 1º, 2º ciclos e titulacións propias			18.645.944,97
Matrícula 3º ciclo			708.221,78
ICE-CAP			147.678,08
<i>Outros estudos</i>			2.856.172,59
Cursos posgrao			1.879.738,23
Cursos especialización e outros cursos			204.881,71
Matrícula 4º ciclo			10.980,00
Aulas informáticas			115.394,94
Cursos de verán			89.532,00
Centro de Línguas Modernas			450.021,00
Escola de Práctica Xurídica			68.855,44
Expedición títulos propios			36.769,27
TOTAL ARTIGO 31	24.205.860,00	24.608.933,69	22.358.017,42
32.PRESTACIÓN DE SERVIZOS			
Inscripcións en xornadas, congresos, etc.			756.279,18
Aloxamento Sistema Univ. Residencias			1.685.924,01
Servizos Investigación			10.821.808,77
Feuga: custos indirectos e nóminas			454.795,37
A organismos públicos en entidades sen fins de lucro			6.311.216,26
A empresas			4.053.304,26
Servizos xerais investigación			2.492,88
Outros servizos prestados			1.082.394,96
Extensión Universitaria Deportes			96.414,80
Escola infantil Breogán			97.279,55
Imprenta			26.538,29
Servimav			2.869,61
Atencións clínicas Odontoloxía			350.821,16
Atencións clínicas Optica			9.776,53
Bibliotecas			64.607,41
Dereitos de oposicións e concursos			15.324,70
Dixitalización fondos bibliográficos			129.528,44
Outros			289.234,47
TOTAL ARTIGO 32	12.941.890,00	16.046.367,80	14.346.406,92
33.VENDA DE BENS			
Publicacións			86.282,81
Fotocopias e outros			16.122,11
Enerxía eléctrica			151.160,24
Sobres matrícula			31.896,00
TOTAL ARTIGO 33	364.130,00	443.568,29	285.461,16
38. REINTEGROS			
Varios			30.887,99

Anuncios contratación			27.371,75
Compensación seguros			140.800,68
Compensacións subministracións concesionarios e cesionarios			198.556,53
TOTAL ARTIGO 38.	238.620,00	404.906,81	397.616,95

39. OUTROS INGRESOS DIVERSOS

Bolsas Isep			23.000,00
Complemento asistencial Rof-Codina			40.719,66
Compensacións impostos			175.488,28
Varios			369.253,62
TOTAL ARTIGO 39	0,00	399.024,14	608.461,56

TOTAL CAPÍTULO III SEN FACTURACIÓN INTERNA

	37.750.500,00	41.902.800,73	37.995.964,01
--	----------------------	----------------------	----------------------

Imprenta			634.962,65
Servimav			104.322,42
Servizo de Xestión Económica			326.537,38
Sistema Universitario de Residencias			136.215,00
Servizos xerais de investigación			333.965,54
Vicexerencia Lugo			60.184,84
Centros docentes			715.406,96
Institutos			122.558,23
Bibliotecas			53.493,10
Control Interno			120.790,00
Outros			269.643,75
34. FACTURACIÓN INTERNA	0,00	2.878.079,87	2.878.079,87

TOTAL CAPÍTULO III	37.750.500,00	44.780.880,60	40.874.043,88
---------------------------	----------------------	----------------------	----------------------

ARTIGO 31. PREZOS PÚBLICOS.

Os dereitos recoñecidos por prezos públicos de estudos oficiais e titulacións propias acadaron o importe de 19,50 millóns de euros sendo as previsións de ingreso 21,74; por tanto, houbo un déficit por este concepto de 2,24 millóns. Tal e como comentamos anteriormente, dúas foron as causas deste desfase: o descenso do número de alumnos e a non compensación das matrículas gratuítas do persoal da Consellería de Educación.

Observacións:

- Os ingresos de prezos pola matriculación nas probas de acceso á Universidade non están incluídos na liquidación do orzamento de ingresos da USC, xa que, por convenio entre as tres Universidades de Galicia, encargouse da liquidación dos gastos e ingresos das probas a CIUG, de xeito que figura no orzamento da Universidade só a parte que se tivo que achegar para cubrir a diferenza entre os ingresos e os gastos –figura no capítulo IV de gastos na USC–.
- Inclúese na liquidación a matrícula gratuíta na USC do persoal das tres Universidades de Galicia como operación que se formaliza –sen saída nin entrada material de fondos– como pagamento e ingreso polo mesmo importe nos orzamentos de gastos e ingresos da USC. Do mesmo xeito opérase coas matrículas gratuítas do Centro de Linguas Modernas para os alumnos do programa ERASMUS.

Criterios contables

1. Aplícase a recadación efectiva realizada durante o ano e que non estaba computada como dereitos recoñecidos pendentes de cobro do exercicio anterior (2002).
2. Considéranse dereitos recoñecidos pendentes de cobro a 31/12/03 os seguintes:

a) Os ingresos efectuados en xaneiro, febreiro e marzo de 2003 nas contas correntes de prezos públicos e que efectivamente sexan prezos públicos, asociados á matrícula do curso 2003/2004. Exclúense, por tanto, aqueles ingresos que, erroneamente ingresados nas contas de prezos, son aplicados a outras partidas orzamentarias. Neses meses se ingresan fundamentalmente os prezos por denegación de bolsas do MEC, segundos prazos (demoras sobre o prazo de pagamento en decembro) e terceiros prazos (marzo).

b) Os abonares emitidos da matrícula do curso 2003/2004 pendentes de cobro a 30/03/04.

c) O importe pendente de compensación do MEC polo importe das matrículas non satisfeitas de alumnos bolsellos por importe de 2,15 millóns de euros. Este importe avalíase no cálculo efectuado pola sección de bolsas con data 12/03/04. A contía total de compensación resulta por 3,27 millóns de euros, dos que 1,12 millóns foron ingresados en 2003.

d) A compensación do MEC polos alumnos de familia numerosa de tres fillos, por importe de 0,48 millóns de euros, por ausencia de datos no cerre da contabilidade consignouse a cantidade compensada no curso anterior -1,04 millóns- supoñendo que a diminución de alumnos quedaría compensada co incremento de prezos; así mesmo descontóuselle o importe xa cobrado en 2003, 0,56 millóns de euros.

ARTIGO 32. PRESTACIÓN DE SERVICIOS

As variacións máis significativas con respecto ao ano anterior son as seguintes:

- Os dereitos de matrícula noutros estudos -2,86 millóns de euros- diminúen un 1,38 % con respecto a 2002 - 2,90 millóns de euros.
- Os dereitos de inscrición en congresos e xornadas aumentaron con respecto a 2002 nun 85,36 % (de 0,41 millóns en 2002 a 0,76 en 2003). A recadación por ingresos no servizo universitario de residencias diminúe lixeiramente nun 1,8 % aínda que o descenso sería un pouco maior posto que erroneamente contabilizáronse como ingreso de cotas parte das fianzas depositadas polos alumnos, tendo que regularizarse esta situación en 2004.
- O importe recoñecido por contratos e convenios por servizos de investigación varia positivamente con respecto ao exercicio anterior nun 0,8 % - 10,73 millóns de euros en 2002 fronte a 10,82 en 2003.
- Noutros servizos prestados as cifras máis significativas son o incremento do 25% experimentado por atencións clínicas en odontoloxía -pasan de 0,28 millóns de euros en 2002 a 0,35 no exercicio actual-, e a dixitalización de fondos para a Fundación da Cidade da Cultura por importe de 0,13 millóns de euros.

ARTIGO 34. FACTURACIÓN INTERNA

- Desde o ano 1996 a facturación que se realiza internamente na USC -os denominados cargos internos- trátase contablemente como ingreso no centro emisor (centro que presta o servizo ou subministra as mercancías) e como pagamento no centro receptor (aplicación orzamentaria que soporta o gasto). A consecuencia disto, o orzamento de ingresos, e correlativamente o de gastos, vense incrementados polo volume anual destas operacións, que representan en total 2,88 millóns de euros, cifra superior á do ano anterior (2,54 en 2002). Estas operacións non orixinan movementos de fondos de tesourería, posto que se realizan en “formalización” (sen saída material de fondos).
- No detalle do cadro 4 indicamos os diferentes centros emisores de cargos internos e as cantidades que facturan.

CAPÍTULO IV. Transferencias correntes.

No cadro 5 detállanse por artigo orzamentario os dereitos recoñecidos comparándoos cos dos dous exercicios previos (desagregase por partida orzamentaria no detalle do cadro 5).

CADRO 5: TRANSFERENCIAS CORRENTES. Dereitos recoñecidos 2001-2003

ARTIGO PRESUPUESTARIO	Dereitos recoñecidos 2001	Dereitos recoñecidos 2002	Dereitos recoñecidos 2003	% Variación s/01	% Variación s/02
40.Administración do Estado	1.204.187,85	1.408.333,25	2.087.921,39	73,39%	48,25%
41.Organismos autónomos adtvos	219.730,03	117.676,07	163.772,70	-25,47%	39,17%
44.Outros entes públicos	5.469,21	110.118,64	15.219,74	178,28%	-86,18%
45.Comunidades autónomas	97.810.152,30	102.374.763,56	100.652.975,77	2,91%	-1,68%
46.Corporacións locais	44.775,40	60.195,08	68.818,29	53,70%	14,33%
47.Empresas privadas	1.100.513,26	1.423.127,55	1.045.677,82	-4,98%	-26,52%
48.Familias e inst.sen fins lucro	447.573,71	665.248,77	432.314,38	-3,41%	-35,01%
49.Exterior	43.332,97	77.902,27	34.000,00	-21,54%	-56,36%
TOTAL CAPÍTULO IV	100.875.734,73	106.237.365,19	104.500.700,09	3,59%	-1,63%

AGRUPACIÓN ARTIGOS	IMPORTE	% S/TOTAL
Comunidades autónomas	100.652.975,77	96,32%
Outros	3847724,32	3,68%
TOTAL	104.500.700,09	100,00%

- O artigo orzamentario máis importante deste Capítulo está constituído polas transferencias correntes da Comunidade Autónoma, que experimentan unha diminución do 1,68 % (en euros correntes) sobre as recoñecidas no ano anterior, non obstante se efectuamos a comparación coas transferencias efectivamente recibidas de 2002 (anuláronse dereitos dese ano no 2003 por 3,17 millóns de euros) a variación é positiva nun 1,46 %. As partidas que compoñen o financiamento global procedente do orzamento da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria son as seguintes:

ESTIMACIÓN CUSTO CRÉDITOS IMPARTIDOS	91,04	(millóns de euros)
COMPLEMENTO MÉRITO INVESTIGADOR	1,94	“ “
TOTAL	92,98.-	“ “

- Para o período 2000-2003 asínase un acordo de financiamento do Sistema Universitario de Galicia entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Economía e Facenda e as tres Universidades de Galicia. Este acordo, polo que se refire ás transferencias correntes, estima o custo dos créditos impartidos tendo en conta fundamentalmente a estrutura e custo por termo medio dos cadros de persoal actuais e un índice de experimentalidade das titulacións impartidas; o número de créditos impartidos multiplícase pola estimación de custo e obtense o financiamento incondicionado; a esta cifra habería que sumarlle o custo do complemento por mérito investigador que acadaría o importe da cantidade realmente gastada e certificada por cada universidade, agás para o ano 2000, no que se marca unha cifra a repartir entre as tres universidades. A cantidade recoñecida en 2003 polo complemento mérito investigador correspóndese coa subvención efectivamente outorgada pola Consellería, sendo inferior en 808.848,73 euros á cantidade certificada pola universidade.
- Procedentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria obtivéronse outras transferencias que enumeramos a continuación:

CONCEPTO	IMPORTE
Bolsas convocatorias propias apoio económico a estudantes	71.052,00
Organización das ensinanzas do título de especialización didáctica	42.070,00
Profesores Visitantes	49.950,00
Prácticas de Campo	14.276,00
Normalización Lingüística	46.000,00
Elaboración diploma coñecemento lingua galega	9.000,00
Potenciación uso do galego	7.500,00
Uniformar a xestión do sistema universitario de Galicia	74.194,43
Unificación da nota media do expediente académico no S.U. de Galicia	30.000,00
Adaptación da universidade aos estudos universitarios oficiais de posgrao	40.068,00
Fomento do Voluntariado	12.020,00
Consecución equilibrio orzamentario e contención endebedamento	697.244,94

A última subvención indicada anteriormente provén do convenio de colaboración entre a Administración Xeral do Estado, a Comunidade Autónoma de Galicia e as tres Universidades de Galicia para a consecución do equilibrio orzamentario e a contención do endebedamento. A cifra total deste é de 11,81 millóns de euros (8,64 achega o Estado e 3,17 a Comunidade) e abrangue o período 2000-2003.

DETALLE DO CADRO 5

ARTIGO E PARTIDA PRESUPOSTARIA	PREVISIÓNS		DEREITOS RECOÑECIDOS
	INICIAIS	DEFINITIVAS	
40.ADMINISTRACIÓN DO ESTADO			
Ministerio de Educación, Cultura e Deporte			529.720,46
Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía			1.483.108,34
Ministerio de Asuntos Exteriores			30.050,60
Consejo de Coordinación universitaria			45.041,99
TOTAL ARTIGO 40	0,00	2.087.921,40	2.087.921,39
41.ORGANISMOS AUTÓNOMOS ADMINISTRATIVOS			
Consejo Superior de Deportes			35.836,85
Instituto Galego de Promoción Económica			39.000,00
Escola Galega de Administración Pública			26.448,50
Instituto de la Mujer			4.500,00
Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais			57.987,35
TOTAL ARTIGO 41.	0,00	155.425,99	163.772,70
44.OUTROS ENTES PÚBLICOS			
Parlamento de Galicia			11.719,74
Universidades			3.500,00
TOTAL ARTIGO 44	0,00	15.219,74	15.219,74
45.COMUNIDADES AUTÓNOMAS			
Consellerías e Organismos Xunta de Galicia			
Educación e Ordenación Universitaria			94.097.783,97
Presidencia, Relacións Instituc.e Adm.Pública			35.850,00
Cultura, Comunicación Social e Turismo			108.867,80
Innovación, Industria e Comercio			718.263,88
Economía e Facenda			97.000,00
Xustiza, Interior e Relacións Laborais			72.540,24
Familia, Xuventude e Voluntariado			68.480,61
Medio Ambiente			150.253,00
Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais			1.553.817,32
Emigración e Cooperación Exterior			20.689,66
Servizo Galego de Saúde			3.729.429,29
TOTAL ARTIGO 45	105.491.080,00	108.232.034,26	100.652.975,77
46.CORPORACIÓNS LOCAIS			
Federación Galega de Municipios			25.997,57
Concello de Santiago			4.808,07
Concello de Pastoriza			1.800,00
Concello Sarria			7.512,65
Concello de Caldas de Reis			3.000,00
Deputación Provincial de Pontevedra			1.500,00
Deputación Provincial de Lugo			12.200,00
Deputación Provincial da Coruña			12.000,00
TOTAL ARTIGO 46	0,00	66.038,23	68.818,29
47.EMPRESAS PRIVADAS			
Banco Santander Central-Hispano			1.025.720,31
Outras			19.957,51
TOTAL ARTIGO 47	1.144.920,00	1.155.877,51	1.045.677,82
48.FUNDACIÓNS E PARTICULARES			
Barrié de la Maza			30.486,24
Caixa Galicia			309.506,00
Fundación Galicia-Europa			9.010,12
Fundación Pública Escola Galega Admón.Sanitaria			6.010,00
Caixanova			36.000,00
Fundación Fomento da Calidade Industrial			15.000,00
Axencia para a Calidade Sistema Univ. de Galicia			23.800,00
Outros			2.502,02
TOTAL ARTIGO 48	300.510,00	426.167,38	432.314,38

ARTIGO 49. EXTERIOR

Unión Europea		30.000,00
Parlamento Europeo		4.000,00
TOTAL ARTIGO 49	34.000,00	34.000,00

TOTAL CAPÍTULO IV **106.936.510,00** **112.172.684,51** **104.500.700,09**

No cadro 6 amósase a subvención incondicionada por alumno procedente das transferencias do antigo plano de financiamento (módulo*alumno) durante o período 1998 a 1999 e do novo acordo de financiamento para o 2000, 2001 e 2002 prorrogado para 2003, en euros correntes e constantes.

CADRO 6: SUBVENCIÓN INCONDICIONADA. (MÓDULO * Nº ALUMNOS PREVISTOS OU CUSTO ESTIMADO CRÉDITOS IMPARTIDOS) (Euros correntes e constantes)

	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Subvención	80.593.198,95	82.864.543,89	86.616.361,95	89.130.095,08	89.252.068,00	91.037.109,25
Número de alumnos, Centros propios(curso que finaliza no ano)	41.189	40.819	40.016	38.588	35.998	33.929
Subvención por alumno (euros correntes)	1.956,67	2.030,05	2.164,54	2.309,79	2.479,36	2.683,17
Índice de deflación	100	102,5	105,8	109,4	113,6	117,1
SUBVENCIÓN POR ALUMNO (euros constantes 1998)	1.956,67	1.980,53	2.045,88	2.111,32	2.182,54	2.291,35

CAPÍTULO V. INGRESOS PATRIMONIAIS

No cadro 7 e no seu detalle recóllense os diferentes compoñentes dos ingresos derivados da rendibilización do patrimonio da Universidade. Os saldos de tesourería mantidos no exercicio foron sensiblemente inferiores aos do exercicio anterior e os tipos de xuro tamén, co efecto conxunto de diminuír nun 27,29 % a rendibilización dos fondos líquidos. O único compoñente positivo neste capítulo foi o aumento dos dividendos polas participacións preferentes no SCH; aínda así, non chegou a compensar a caída producida nos outros conceptos, co que resultou finalmente unha minoración sobre 2002 do 11,79%.

CADRO 7: CAPÍTULO V. INGRESOS PATRIMONIAIS

ARTIGO PRESUPOSTARIO	DEREITOS RECOÑECIDOS	DEREITOS RECOÑECIDOS	DEREITOS RECOÑECIDOS	% VARIACIÓN	% VARIACIÓN
	2001	2002	2003	S/01	S/02
50. Xuros de títulos valores	20.915,22	20.827,35		-100,00%	-100,00%
52.Xuros de contas bancarias	185.472,34	105.849,59	76.960,53	-58,51%	-27,29%
53. Dividendos	87.567,46	44.280,22	121.903,18	39,21%	175,30%
54. Produtos de inmobles	133.604,99	243.421,29	152.278,36	13,98%	-37,44%
55. Concesións administrativas	290.168,64	240.599,20	226.597,11	-21,91%	-5,82%
59. Outros ingresos patrimoniais	0,67	0,00		-	-
TOTAL CAPÍTULO V	717.729,32	654.977,65	577.739,18	-19,50%	-11,79%

DETALLE DO CADRO 7

ARTIGO E PARTIDA PRESUPOSTARIA	PREVISIÓNS		DEREITOS RECOÑECIDOS
	INICIAIS	DEFINITIVAS	
52.XUROS DE CONTAS BANCARIAS			
En Banco Santander Central Hispano			23.593,65
En Caixa Galicia			49.263,02
Outras entidades			4.103,86
TOTAL ARTIGO 52	200.000,00	206.789,40	76.960,53
53. DIVIDENDOS E PARTICIPACIÓNS EN BENEFICIOS			
Dividendos en empresas privadas			121.903,18
TOTAL ARTIGO 53	0,00	0,00	121.903,18
54.ALUGUEIROS E PRODUTOS DE INMOBLES			
Alugueres vivendas funcionarios			9.193,43
Cesión uso bens patrimoniais			143.084,93
TOTAL ARTIGO 54	0,00	124.307,71	152.278,36
55.CONCESIÓNS ADMINISTRATIVAS			
Servizo Técnico			5.895,45
Servizo cafeterías			138.150,10
Servizo fotocopiadoras			65.835,38
Teléfonos			16.716,18
TOTAL ARTIGO 55	252.520,00	252.520,00	226.597,11
TOTAL CAPÍTULO V	452.520,00	583.617,11	577.739,18

CAPÍTULO VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

No cadro 8 recóllense os dereitos recoñecidos deste capítulo por artigo orzamentario e efectúase a comparación cos dos dous anos anteriores. No detalle deste cadro indícanse os diferentes grupos de organismos financiadores.

CADRO 8.- CAPÍTULO VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

ARTIGO PRESUPOSTARIO	DEREITOS RECOÑECIDOS	DEREITOS RECOÑECIDOS	DEREITOS RECOÑECIDOS	% VARIACIÓN S/01	% VARIACIÓN S/02
	2001	2002	2003		
70.Administración do Estado	1.540.934,93	3.050.528,10	5.757.110,43	273,61%	88,73%
71.Organismos Autónomos Administrativos			149.947,09		
72.Seguridade Social	174.293,51	154.566,98	764.942,64	338,88%	394,89%
74.Empresas públicas e outros entes públicos	0,00	0,00	232.611,00		-
75.Comunidades Autónomas	10.560.804,39	11.826.893,65	14.338.951,59	35,78%	21,24%
76.Corporacións Locais	151.455,05	0,00	60.900,72		
77. Empresas privadas			97.007,00		
78.Familias e Institucións sen fins de lucro	162.393,47	76.228,37	191.734,12		151,53%
79.Exterior	8.485.930,31	7.480.674,16	2.187.950,77	-74,22%	-70,75%
TOTAL CAPÍTULO VII	21.075.811,66	22.588.891,26	23.781.155,36	12,84%	5,28%

DETALLE CADRO 8

ARTIGO PRESUPOSTARIO	PREVISIÓNS		DEREITOS RECOÑECIDOS
	INICIAIS	DEFINITIVAS	
70.ADMINISTRACIÓN DO ESTADO			
Ministerio Ciencia e Tecnoloxía			5.627.953,43
Ministerio de Educación, Cultura e Deporte			121.757,00
Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais			7.400,00
TOTAL ARTIGO 70	3.000.000,00	5.669.615,00	5.757.110,43

71.ORGANISMOS AUTÓNOMOS ADMINISTRATIVOS

Consello Superior de Investigacións Científicas			24.232,81
Instituto Nacional de Investigacións Agrarias			100.203,94
Axencia Española de Cooperación Internacional			18.000,00
Outros			7.510,34
TOTAL ARTIGO 71	1.609.650,00	1.696.756,86	149.947,09

72.SEGURIDADE SOCIAL

Proxectos FISS			764.942,64
TOTAL ARTIGO 72	0,00	10.000,00	764.942,64

74.EMPRESAS PÚBLICAS

Universidade de Vigo			232.611,00
TOTAL ARTIGO 74	0,00	232.611,00	232.611,00

75.COMUNIDADES AUTÓNOMAS**Xunta de Galicia**

Reparación, Ampliación, Mellora (RAM)			1.971.318,00
Recursos para investigación			8.739.080,84
Convenios para construción edificios e equipamentos			2.895.540,65
Servizo Galego de Saúde			132.000,00
Consellería de Innovación, Industria e Comercio: convenio obra			
Instituto Cerámica			601.012,10
TOTAL ARTIGO 75	12.136.490,00	15.238.058,51	14.338.951,59

76.CORPORACIÓNS LOCAIS

Concello de Lugo			4.632,72
Concello de Santiago			1.803,00
Deputación Provincial de Lugo			7.200,00
Deputación Provincial da Coruña			38.250,00
Instituto Lucense de Desenvolvemento			9.015,00
TOTAL ARTIGO 76	751.270,00	803.713,00	60.900,72

77.EMPRESAS PRIVADAS

Telefónica			60.200,00
Confederación Empresarial Lucense			4.507,00
Novartis			30.050,00
Outras			2.250,00
TOTAL ARTIGO 77	0,00	6.757,00	97.007,00

78.DE FAM. E INSTIT. SEN FINS LUCRO

Asociación de Fabricantes de Industrias Cerámicas de Galicia			138.852,00
Caixa Rural Galega			39.065,00
Camára de Comercio de Lugo			4.507,00
Fundación Feiraco			6.010,12
Outras			3.300,00
TOTAL ARTIGO 78	0,00	150.113,12	191.734,12

79.EXTERIOR

Fondo europeo de Desenvolvemento Rexional			463.125,00
Outros Unión Europea			1.715.967,77
Outros Exterior			8.858,00
TOTAL ARTIGO 79	2.753.480,00	2.780.803,67	2.187.950,77

TOTAL CAPÍTULO VII	20.250.890,00	26.588.428,16	23.781.155,36
---------------------------	----------------------	----------------------	----------------------

- A captación de recursos para proxectos de investigación financiados polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, FEDER e outros fondos da Unión Europea representa 7,81 millóns de euros superando aos acadados no exercicio anterior no que se obtiveron 7,45.
- As achegas para proxectos e infraestruturas de investigación procedentes da Xunta de Galicia aumentan tamén en 2003, acadando o importe de 8,74 millóns de euros fronte a 6,79 en 2002; representan un aumento porcentual do 28,71.
- Os recursos dedicados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria á reparación, ampliación e mellora de edificios (RAM) e á construción de edificios e novos equipamentos foron practicamente os mesmos que os do exercicio anterior, 1,97 millóns de euros para RAM e 2,90 para convenios de construción e equipamentos.

CAPÍTULO VIII: VARIACIÓN DE ACTIVOS E PASIVOS FINANCIEROS

No cadro 9, apartado variación activos financeiros, indícase o financiamento de créditos en 2003 co remanente de tesourería de 2002. En síntese, comprende aqueles créditos que non estaban obrigados a 31/12/02 e incorporáronse ao ano seguinte para atender actividades financiadas con recursos específicos ou gastos comprometidos no exercicio precedente por importe de 34.514.642,77 euros. No apartado variación pasivos financeiros consígnanse as anualidades dos anticipos reembolsables concedidos polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, 3,19 millóns de euros (1,50 de anualidade 2002 -convocatoria 2002-, 1,44 da anualidade 2003 -convocatoria 2002- e 0,25 da anualidade 2003 -convocatoria 2001-), e o préstamo incluído no Plan de Equilibrio Económico-financieiro por importe de 9,5 millóns de euros. Este préstamo foi formalizado o 31/12/03 e esta pendente de disposición ata a autorización da comunidade autónoma, o seu importe figura como dereitos recoñecidos pendentes de cobro ao finalizar o exercicio.

CADRO 9.- CAPÍTULOS VIII E IX. VARIACIÓN DE ACTIVOS FINANCIEROS E VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCIEROS

VIII. VARIACIÓN DE ACTIVOS FINANCIEROS

DESGLOSE FINANCIAMENTO CO REMANENTE DE TESOURERÍA	FINANCIAMENTO PRESUPOSTO INICIAL	CRÉDITOS FINANCIADOS NO EXERCICIO 2003
INCORPORADO A CAPÍTULO		Específico
I. Gastos de Persoal		83.405,53
II. Gastos en bens correntes e servizos		3.303.961,84
IV. Transferencias correntes		454.800,61
VI. Investimentos reais		30.672.474,79
TOTAIS	0,00	34.514.642,77
TOTAL REMANENTE DE TESOURERÍA	34.514.642,77	34.514.642,77

IX. VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCIEROS

ARTIGO E PARTIDA PRESUPOSTARIA	PREVISIÓNS		DEREITOS RECOÑECIDOS
	INICIAIS	DEFINITIVAS	
Anticipos reembolsables			3.188.114,74
Préstamos			9.500.000,00
	11.192.790,00	11.192.790,00	12.688.114,74

1.1.3. ORZAMENTO DE INGRESOS. EJERCICIOS ANTERIORES.

O cadro 10 recolle a evolución dos dereitos recoñecidos pendentes de cobro de exercicios anteriores, así como a súa situación a 01/01/03 e a fin de exercicio 31/12/03.

- Anúlense dereitos pendentes de cobro por importe de 17,94 millóns de euros dos cales 6,01 proceden dos dereitos recoñecidos en 2001 pola operación de venda dos terreos de Galeras, operación que se concreta en 2003, por tanto, os dereitos recoñecidos e facturados se imputan a 2003; o resto dos dereitos que se anulan corresponden con dereitos incobrables expostos no cadro 19 do informe presentado no Claustro de 11 de marzo de 2004 onde se expoñen as necesidades de saneamento da USC a 31/12/03 (sexenios anteriores a ano 2000 -3,30 millóns, RAM 1996 -0,42-, Consorcio de Santiago V Centenario -1,25-, transferencia subvención incondicionada 2002 -3,17-, Complexo docente de Lugo -0,69-, proxectos e contratos anteriores 2000 -1,21-) ou ben de dereitos que no transcurso de 2003 foron reclamados e resultaron fallidos.

CADRO 10. EVOLUCIÓN DOS DEREITOS RECOÑECIDOS PENDENTES DE COBRO DE EJERCICIOS ANTERIORES

ANO	DEREITOS PENDENTES DE COBRO A 31/12/02	INGRESADO NO 2003	DEREITOS ANULADOS NO 2003	DEREITOS PENDENTES DE COBRO A 31/12/03
1995	201.567,02	0,00	201.567,02	0,00
1996	1.545.274,15	0,00	1.545.274,15	0,00
1997	1.126.894,56	6.010,12	1.120.884,44	0,00
1998	1.397.738,21	56.127,00	1.341.611,21	0,00
1999	2.392.976,25	12.320,75	2.372.602,59	8.052,91
2000	1.504.704,21	84.339,34	816.775,82	603.589,05
2001	9.181.246,58	1.612.124,91	6.385.201,87	1.183.919,80
2002	23.988.081,34	17.459.633,82	4.163.380,18	2.365.067,34
TOTAIS	41.338.482,32	19.230.555,94	17.947.297,28	4.160.629,10

- Entre os dereitos pendentes de cobro figuran sexenios de 2001 e 2002 por importe conxunto de 0,83 millóns de euros (Consellería de Educación), 0,18 millóns de euros por cotas de seguridade social 2002 (SERGAS) e contratos e proxectos coa Unión Europea por importe de 1,66 millóns de euros, e o resto débese fundamentalmente a facturación a empresas.

1.2. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS**1.2.1. COMENTARIOS XERAIS Á LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS.**

Nesta primeira parte da memoria, onde se analizan as contas do exercicio, e neste apartado no que concretamente tratamos da liquidación do orzamento de gastos, só nos deteremos na análise e comentarios da execución do orzamento, visto este desde un punto vista global. Posteriormente, dentro da memoria de xestión (segunda parte), examínanse os gastos a nivel dos diferentes centros e servizos que conforman a USC.

No cadro 11 que reproducimos a continuación preséntase a liquidación do orzamento de gastos por capítulo orzamentario e por grupos de funcións. No cadro 11a) recóllese as obrigas contraídas nos tres últimos anos por grupo de funcións e a súa estrutura de participación porcentual sobre o total dos gastos.

CADRO 11. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS, POR CAPÍTULOS E POR GRUPO FUNCIONAL

CAPÍTULO	PRESUPOSTO INICIAL	PRESUPOSTO DEFINITIVO	GASTOS AUTORIZADOS	OBRIGAS CONTRAIDAS	PAGAMENTOS	PENDENTE DE PAGAMENTO A 31/12/03	REMANENTE	%EXECUCIÓN S/AUTORIZADOS
I.Gastos de persoal	107.201.670,00	110.776.950,08	108.910.525,69	108.910.525,69	107.995.729,17	914.796,52	1.866.424,39	98,32%
II.Gastos en bens correntes e servizos	22.850.010,00	30.582.619,93	26.116.506,96	25.507.996,25	21.730.490,58	3.777.505,67	5.074.623,68	85,40%
III.Gastos financeiros	440.690,00	440.690,00	376.311,21	376.311,21	354.540,12	21.771,09	64.378,79	85,39%
IV. Transferencias correntes	3.301.810,00	4.722.316,20	4.104.805,32	4.104.805,32	4.045.477,90	59.327,42	617.510,88	86,92%
VI. Investimentos reais	48.146.190,00	91.666.141,33	51.912.862,29	45.122.799,87	33.379.299,72	11.743.500,15	46.543.341,46	56,63%
VII. Transferencias de capital	173.350,00	174.841,89	174.841,89	174.841,89	174.841,89	0,00	0,00	100,00%
VIII. Variación de activos financeiros	0,00		0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
IX.- Variación de pasivos financeiros	780.120,00	780.113,72	780.113,72	780.113,72	780.113,72	0,00	0,00	100,00%
TOTAIS	182.893.840,00	239.143.673,15	192.375.967,08	184.977.393,95	168.460.493,10	16.516.900,85	54.166.279,20	80,44%

GRUPO DE FUNCIONS	PRESUPUESTO INICIAL	PRESUPUESTO DEFINITIVO	GASTOS AUTORIZADOS	OBRIGAS CONTRAIDAS	PAGAMENTOS	PENDENTE DE PAGAMENTO A 31/12/03	REMANENTE	%EXECUCIÓN S/AUTORIZADOS
1.- DOCENCIA UNIVERSITARIA	3.287.850,00	4.006.071,78	2.544.894,04	2.544.894,04	2.384.023,72	160.870,32	1.461.177,74	63,53%
2.- INVESTIGACIÓN	25.099.500,00	16.206.226,84	6.038.568,48	6.038.568,48	4.448.723,95	1.589.844,53	10.167.658,36	37,26%
3.- PRODUCCIÓN DE INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS Á DOCENCIA E Á INVESTIGACIÓN	148.898.410,00	163.134.489,18	149.497.676,15	144.174.615,74	133.295.800,74	10.878.815,00	18.959.873,44	91,64%
4.- ASISTENCIA, EXTENSIÓN E PROMOCIÓN DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA	4.387.270,00	6.985.723,56	6.067.713,20	6.063.763,14	5.749.090,55	314.672,59	921.960,42	86,86%
5.- GASTOS E PASIVOS FINANZEIROS	1.220.810,00	1.220.803,72	1.156.424,93	1.156.424,93	1.134.653,84	21.771,09	64.378,79	94,73%
6.- ACTIVOS FINANZEIROS	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	
A.- PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN	0,00	18.187.671,03	9.546.971,68	9.270.683,44	7.521.877,44	1.748.806,00	8.916.987,59	52,49%
C.- CONVENIOS E CONTRATOS DE INVESTIGACIÓN	0,00	5.456.704,43	2.909.903,01	2.904.018,64	2.685.020,35	218.998,29	2.552.685,79	53,33%
E.-CURSOS DE POSGRAO. ESPECIALIZACIÓN	0,00	1.003.792,18	643.062,38	643.062,38	589.355,04	53.707,34	360.729,80	64,06%
F.- CURSOS DE FORMACIÓN CONTINUA.	0,00	217.966,92	151.791,92	151.791,92	134.242,38	17.549,54	66.175,00	69,64%
I.- INFRAESTRUTURAS DE INVESTIGACIÓN	0,00	4.912.371,83	4.415.337,88	2.639.573,78	2.049.321,55	590.252,23	2.272.798,05	89,88%
M.-CURSOS DE POSGRAO. MASTERS.	0,00	2.372.896,56	1.505.472,60	1.505.472,60	1.378.131,46	127.341,14	867.423,96	63,44%
P.- PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN	0,00	884.963,41	285.560,77	285.560,77	253.555,88	32.004,89	599.402,64	32,27%
X.- CONVENIOS E CONTRATOS DE INVESTIGACIÓN	0,00	14.553.991,71	7.612.590,04	7.598.964,09	6.836.696,20	762.267,89	6.955.027,62	52,31%
TOTAIS	182.893.840,00	239.143.673,15	192.375.967,08	184.977.393,95	168.460.493,10	16.516.900,85	54.166.279,20	80,44%

GRUPO DE FUNCIONS (aos grupos 1 e 2 se lles suman os que empezan por letras)	PRESUPUESTO INICIAL	PRESUPUESTO DEFINITIVO	GASTOS AUTORIZADOS	OBRIGAS CONTRAIDAS	PAGAMENTOS	PENDENTE DE PAGAMENTO A 31/12/03	REMANENTE	%EXECUCIÓN S/AUTORIZADOS
